Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia

CURSO COTSG

# SAÚDE MENTAL: DO INDIVIDUO Á COMUNIDADE

# ÍNDICE

01. RESUMO DO CURSO
02. FUNDAMENTACIÓN
03. OBXECTIVOS
04. CONTIDOS FORMATIVOS
05. PERSOAS DESTINATARIAS
06. CALENDARIO
07. METODOLOXÍA
08. AVALIACIÓN
09. DOCENTE

# RESUMO DO CURSO

50 horas

Do **10 de marzo ao 30 de maio** de 2025

**Teleformación** con sesións online

**40€** para persoas colexiadas e pre-colexiadas
**80€** para persoas non colexiadas



# FUNDAMENTACIÓN

Durante estes anos vivimos a transición da intervención en saúde mental cara a un enfoque máis comunitario, pero sen crear recursos para esta intervención nin preparar á sociedade para a súa acollida. Por iso seguimos vivindo noticias, historias, intervencións cun gran sesgo estigmatizador para as persoas con problemas de saúde mental.

Ademais, o suicidio está en aumento e a idades cada vez máis temperás, polo que é imprescindible un enfoque preventivo. Comezar a intervir dende a infancia, acompañar á adolescencia e non esquecer aos nosos maiores.

Dende o Traballo Social é necesario coñecer máis sobre a saúde mental, para poder acompañar á persoa no porceso de rehabilitación psicosocial e recuperación do seu proxecto de vida; coas familias para afrontar os cambios, coa comunidade para normalizar, crear recursos e coordinar os existentes.

# OBXECTIVOS

- Cambiar a visión da saúde mental cun enfoque normalizador. Normalización.
- Coñecer recursos que poden facilitar a nosa intervención. Recursos.
- Abordar o concepto e o Traballo Social da saúde mental dende a infancia ata as persoas maiores. Prevención.
- Traballar a intervención individual, grupal e comunitaria. Enfoque.

# CONTIDOS FORMATIVOS

**MÓDULO 1.** COMEZAMOS: CONCEPTO DE SAÚDE MENTAL

**MÓDULO 2.** PREVENCIÓN

**MÓDULO 3.** NORMALIZACIÓN

**MÓDULO 4.** SITUACIÓNS DE ALTA VULNERABILIDADE

**MÓDULO 5.** INTERVENCIÓN

**MÓDULO 6.** RECURSOS

**MÓDULO 7.** RETOS

# PERSOAS DESTINATARIAS

PREFERENTEMENTE PROFESIONAIS DO TRABALLO SOCIAL COLEXIADAS OU PRECOLEXIADAS DE CALQUER ÁMBITO, ESTUDANTADO DE TRABALLO SOCIAL E OUTRAS PROFESIÓNS RELACIONADAS CO ÁMBITO DO SOCIAL.



O curso desenvolverase en formato de teleformación e contará cas seguintes sesións online en directo:

| SESIÓNS ONLINE | DATAS | HORARIO |
|---|---|---|
| SESIÓN 1 | 10/03/2025 | 18:30-20:30 |
| SESIÓN 2 | 24/03/2025 | 18:30-20:30 |
| SESIÓN 3 | 14/04/2025 | 18:30-20:30 |
| SESIÓN 4 | 28/05/2025 | 18:30-20:30 |
| SESIÓN 5 | 5/05/2025 | 18:30-20:30 |
| SESIÓN 6 | 19/05/2025 | 18:30-20:30 |

# CALENDARIO

# METODOLOXÍA

A metodoloxía da formación é a da teleformación (Moodle), estará baseada na visualización e estudo semanal de cada un dos temas anteriores, os cales conterán:

- Actividades e recursos: vídeos, lecturas, exercicios interactivos, etc.
- Arquivos cos temarios principais do tema.
- 1 apartado de anexos relacionados coa temática da unidade didáctica.
- 1 exercicio de avaliación ou cuestionario para superar o tema e 1 cuestionario final.
- Clases virtuais

De igual forma a plataforma de formación tamén conterá:

- Un apartado con material audiovisual
- Un apartado con enlaces de interese
- Un foro xeral, para consultar cuestións xenéricas do curso.

O alumnado contará dun correo electrónico coa docente para resolver calquer dúbida que precise.

# AVALIACIÓN

A avaliación constará dunha parte de carácter teórico onde tras a visualización dos contidos deberá superar un total de 3 cuestionarios cun 75% de respostas correctas e un 75% o cuestionario final. E outra parte de carácter práctico no que hai que resolver 3 casos prácticos.

Ademais para superar a formación o alumnado deberá asistir ao 75% do total das horas das sesións online, un total de **6 sesións online.**

A

# ANDREA

Traballadora social dende o ano 2009 pola Universidade de Vigo. Ten experiencia en diversidade intelectual, saúde mental, enfermidades neuromusculares e na actualidade en persoas maiores. Combinando o traballo alleo co exercicio libre da profesión.
Fundadora de **Brujuleando**, Traballo Social vinculado á educación a través das emocións dende o contexto non formal (actividades extraescolares, espazos familiares, etc.)

# LAGO VIDAL

L

Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia

# COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA

Rúa Dublín, 6, baixo. 15707 Santiago de Compostela

981 568 100
info@traballosocial.gal
www.traballosocial.gal
facebook.com/COTSdeGalicia
@cotsgalicia